



## CONCURSO DE ORNAMENTACIÓN DE ESCAPARATES 2018

# BASES

- 1.- A convocatoria do Concurso de ornamentación de escaparates encádrase nas actividades do LIV Concurso Exposición Internacional da Camelia, que se celebrará en Vilagarcía de Arousa os días 10 e 11 de marzo de 2018.
- 2.- Poderán concorrer tódolos establecementos comerciais de Vilagarcía, con independencia do sector de actividade ao que pertencen.
- 3.- O obxecto do concurso é a ornamentación dos escaparates con motivos alusivos á camelia, sen ningunha limitación estética, agás a inclusión obrigatoria dalgunha flor natural de camelia en calquera das súas variedades.
- 4.- No escaparate deberá incluírse en lugar visible a seguinte información: LIV Concurso-Exposición Internacional da Camelia, Vilagarcía de Arousa, 10-11 de marzo de 2018.
- 5.- A inscrición realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía, sito na Praza de Ravella, 1, ata o 8 de marzo, antes das 13.00 h, no impreso que se facilitará para este fin no departamento de Protocolo ou mediante descarga do arquivo en pdf dende o portal municipal, [www.vilagarcia.gal](http://www.vilagarcia.gal).
- 6.- Os escaparates que se presenten a concurso deberán estar montados durante os días 10 e 11 de marzo de 2018.
- 7.- O fallo do xurado producirase o 10 de marzo, ás 13.00 h. A partir dese momento e durante o fin de semana, o gañador deberá incluír no escaparate as placas e tarxetas acreditativas do premio adxudicado.
- 8.- Establécese tres premios:
  - 1º PREMIO: 500€
  - 2º PREMIO: 300€
  - 3º PREMIO: 200€
- 9.- O Concello de Vilagarcía de Arousa designará un xurado para este concurso, que poderá declarar deserto o premio establecido se non se acadasen, ao seu xuízo, un nivel mínimo. Tamén poderán declarar os accésits que foran oportunos.
- 10.- A presidencia do xurado queda facultada para resolver os aspectos non previstos nestas bases.
- 11.- A participación no concurso supón a aceptación das bases. O fallo do xurado será inapelable.



## CONCURSO DE ORNAMENTACIÓN DE ESCAPARATES

### SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN

#### DATOS DO PARTICIPANTE

NOME E APELIDOS							
NIF			ENDEREZO				
			Nº	PISO	LETRA	C.P.	
LOCALIDADE					PROVINCIA		
TFNO.			E-MAIL				

#### DATOS DO ESTABLECEMENTO

NOME						
RÚA UBICACIÓN						

SOLICITA a súa inscrición no Concurso de Ornamentación de Escaparates, enmarcado dentro do LIV Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que terá lugar os días 10 e 11 de marzo de 2018, na cidade de Vilagarcía de Arousa.

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o vindeiro 8 de marzo, ás 13,30 horas, e pode facerse efectiva no Departamento de Procolo, no segundo andar da Casa Consistorial, o por correo electrónico á dirección [camelia@vilagarcia.gal](mailto:camelia@vilagarcia.gal).

Así mesmo, declara coñecer e aceptar integramente as bases do presente concurso.

Asdo.

---